

A series of vertical bars of varying heights and shades of teal and light green are positioned on the left side of the page, creating a modern, architectural feel.

GUIA GUIA

Tes nas túas mans a primeira guía que recolle os recursos máis relevantes da nosa cidade en materia de migración, unha ferramenta de utilidade para todas as persoas inmigrantes e retornadas que viven en Santiago de Compostela.

O informe que en 1999 emitía a Comisión de Política Social e Emprego do Congreso dos Deputados sobre a situación dos inmigrantes en España contemplaba que “a prioridade da política de inmigración debe situarse nos procesos de integración. Sen integración, que implica convivencia, igualdade de oportunidades e mutuo respecto ás crenzas, culturas e concepción de vida, non vai ser posible desenvolver tódalas posibilidades positivas que nos presentan os fenómenos migratorios”. É evidente que o contido deste informe segue hoxe en plena vixencia, a pesar de que hai unha década que foi redactado.

Entre as medidas prioritarias recollidas no acordo de goberno 2007-2011 inclúese a de impulsar as políticas dirixidas á poboación inmigrante e emigrante retornada. Neste empeño non estamos sós: contamos coa vontade de acollida e a hospitalidade da sociedade compostelá coas persoas que chegan á nosa cidade coa intención de reiniciar aquí unha nova traxectoria vital.

Confiamos que esta Guía de Recursos axude e oriente aos que inician o seu proceso de integración na nosa sociedade, da que a partir de agora forman parte activa.

O ALCALDE
Xosé A. Sánchez Bugallo



Dende hai case unha década, Compostela representa un referente para os colectivos de inmigrantes e emigrantes retornados, xente que chega a nosa cidade con gañas de iniciar un proxecto de vida que converta en realidade todas as súas perspectivas.

Hoxe en día, temos a sorte de vivir nunha sociedade composta por moitos e variados grupos de persoas, diferentes entre si, que forman parte da esencia da nosa cultura e do seu futuro.

Santiago desexa enfrontarse ós retos de futuro con valentía e decisión. Por isto, dende a Unidade de Atención ás Migracións da Concellería de Benestar Social, estamos a poñer en marcha unha serie de medidas que dean resposta ó dinamismo crecente da nosa sociedade e ás necesidades que esta xera. Entre estas medidas está a de conseguir a debida acollida e a integración plena destes colectivos tan desfavorecidos na actualidade.

Nesta guía atópase información actualizada sobre a primeira acollida e os principios servizos e recursos que ofrece o concello, así como outras institucións que poden ser de especial utilidade para as persoas procedentes doutras culturas e latitudes que elixen a nosa cidade para desenvolver nela os seus proxectos vitais e profesionais.

Trátase dunha guía que inclúe toda a información básica en relación a trámites que teñen que realizar á súa chegada, e o acceso a diversos temas esenciais como son os de saúde, vivenda, emprego, educación, servizos sociais, puntos de atención, asociacións, sindicatos e outras entidades ou institucións de interese como poden ser os Consulados, rexistro civil, consellerías, etc.

A guía pretende aclarar diversas cuestións como a de empadroarse, solicitar a tarxeta sanitaria, cómo e onde tramitar a Tarxeta de Identidade de Estranxeiro, a apertura dunha conta bancaria e o envío de remesas ós países de orixe, homologación e validación de títulos estranxeiros, entre outros.

Creo firmemente que todos debemos de potenciar o uso e goce dos recursos que temos e fomentar a participación na vida cultural, social e política da nosa cidade de acollida. A integración é un proceso dinámico que debe incluír a participación de todos os membros da sociedade e que debe de estar baseado na igualdade. Nunha sociedade integradora gañamos todos, porque ó final “nós” somos todos.

Confío que a información desta guía de recursos axude a coñecer máis e mellor esta cidade de acollida e que permita unha maior integración nesta nova sociedade da que empezan a formar parte.

Concelleira Delegada de Benestar Social e Igualdade
Mar Martín García



UAMI, UNIDADE DE ATENCIÓN ÁS MIGRACIÓNS

1. ¿Qué é a UAMI?

A UAMI (Unidade de Atención ás Migracións) da Concellaría de Benestar Social e Muller do Concello de Santiago de Compostela, é a oficina municipal encargada de facilitar información,



orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral a emigrantes retornados e inmigrantes, froito dun convenio asinado entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Concello de Santiago.

A UAMI desenvolve un programa integral dirixido a emigrantes retornados e inmigrantes, coa finalidade de facilitar a integración social deste colectivo. As principais actuacións que está a desenvolver son as seguintes:

- Informar a estes colectivos sobre a situación xurídica e trámites administrativos a realizar dada a súa condición de inmigrante ou emigrante retornado.
- Asesorar na tramitación de permisos de residencia, traballo, visados, adquisición da nacionalidade, agrupamento familiar, e calquera outros trámites administrativos que este colectivo precise, así como as prestacións sociais, educativas ou sanitarias ás que tivesen dereito.
- Facilitar todo tipo de información acerca de programas formativos e de orientación e inserción laboral e outras axudas ás que poidan ter acceso e que faciliten a súa inserción no mercado laboral.
- Promover a incorporación dos inmigrantes ás redes sociais e á vida comunitaria, incluso a traveso de intervencións individuais e familiares.



2. ¿Ónde estamos?

A UAMI desenvolve a súa actuación dentro do ámbito territorial do Concello de Santiago de Compostela.

As oficinas están sitas no seguinte enderezo:

*Praza de Camilo Díaz Baliño, nº 15, baixo
15704 Santiago de Compostela*

Teléfono de contacto:

981.542.495/ FAX: 981.542.494

Correo electrónico:

migracions@santiagodecompostela.org

INDICE

- 1 INFORMACIÓN BÁSICA
- 2 PRIMEIROS TRÁMITES A REALIZAR
- 3 DOCUMENTACIÓN DE IDENTIFICACIÓN
- 4 SAÚDE
- 5 VIVENDA
- 6 EMPREGO
- 7 EDUCACIÓN
- 8 BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE
- 9 OCIO E TEMPO LIBRE
- 10 PROGRAMA DE RETORNO VOLUNTARIO
- 11 OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE



1. INFORMACIÓN BÁSICA

Na presente guía preténdese ofertar ás persoas inmigrantes e emigrantes retornadas unha información básica para recoñecer e utilizar de xeito máis efectivo os recursos e servizos que existen en Santiago de Compostela e que lles poden ser de utilidade nos comezos da súa vida aquí.

Santiago de Compostela é unha cidade pequena, pero que conta cunha extensión de aproximadamente 223 km², xa que non só conta co casco urbano, senón tamén con 29 parroquias rurais. A poboación de dereito é de 94.186 habitantes (segundo o padrón municipal de 2007), aínda que se contamos a poboación de feito (persoas que traballan en Santiago, pero viven en poboacións limítrofes, estudantes universitarios, poboación de paso...) calcúlase que a poboación total de Santiago é de aproximadamente 116.000 habitantes.

A pesares de non ter a poboación suficiente para iso, Santiago ten o estatus de gran cidade, debido á súa condición de capital de Galicia.

Santiago de Compostela dispón dunha ampla oferta de servizos de todo tipo facilmente localizábeis. Non obstante, se se descoñecen cales son as rúas e barrios da cidade, é recomendábel utilizar un plano rueiro. Ditos planos están a disposición dos cidadáns nas Oficinas de Turismo (R/ do Vilar 63) así como na páxina web **www.santiagoturismo.com**, onde atoparán un rueiro interactivo.

O Concello de Santiago de Compostela tamén dispón dunha páxina web: **www.santiagodecompostela.org**, na que se poden consultar os servizos dos que dispón o concello, así como novidades, actividades, actos... que se desenvolven na cidade.

o ATENCIÓN Á CIDADANÍA

- Tfno: 010 // 981 543 128.
- R/ Presidente Salvador Allende, 4, baixo.
- Enderezo electrónico:
**informacion@santiagodecom
postela.org**

É a canle máis directa para que a cidadanía poida acceder ó coñecemento dos seus dereitos e obrigas e á utilización dos bens e servizos públicos. Entre as súas funcións atópanse:

- Orientación e información: ofrece aclaracións e axudas de índole práctica sobre procedementos, requisitos ou documentación para os proxectos ou solicitudes que se propoña realizar a cidadanía, ou para acceder ó disfrute dun servizo público ou beneficiarse dunha prestación.
- Entrega de instancias e auxilio na súa cumprimentación sobre a realización da maior parte dos trámites municipais: licenzas, denuncias, informacións urbanísticas, pago de tributos municipais, certificados de datos persoais dos que dispoña o Concello (padróns de habitantes e fiscais, tarxetas da ORA, de minusválido, bonobús, devolución de fianzas, título de familia numerosa, etc.).

- Asistencia á cidadanía en relación co dereito de petición recoñecido polos artigos 29 e 77 da Constitución.
- Recibimento e tramitación das queixas, reclamacións, suxestións e iniciativas da cidadanía.
- Xestión de información administrativa municipal.
- Asemade na súas dependencias poderá consultar os boletíns oficiais (BOE, DOGA e BOP do ano en curso), a normativa local e a cartografía municipal.

Horario das oficinas: 9.00–14.00 h.



GUIA

GU

PRIMEIROS TRÁMITES



GUÍA DE RECURSOS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARA PERSOAS

INMIGRANTES
E RETORNADAS

2. PRIMEIROS TRÁMITES A REALIZAR

Independentemente da situación legal na que se atope a persoa estranxeira, hai unha serie de documentación que ha de tramitar á súa chegada:

- Empadramento.
- Seguridade Social.
- Tarxeta sanitaria.

• EMPADROAMENTO

Todas as persoas, con independencia da súa nacionalidade e situación legal, teñen o deber e o dereito de estar empadroadas. Dito empadramento farase no municipio onde se teña a residencia habitual (a que dure polo menos 180 días ao ano), nas Oficinas do Padrón Municipal.

O empadramento proporciona dereitos: acceso a axudas en educación, axudas laborais, asistencia sanitaria..., ademais de ser unha proba acreditativa da estancia no estado.

As persoas estranxeiras non comunitarias sen autorización de residencia deberán renova-la inscrición no padrón cada dous anos (renovación periódica).

Documentación precisa:

Documentos que acrediten a residencia efectiva no municipio: contrato de alugueiro ou propiedade...

DNI, NIE ou pasaporte en vigor

No caso de ser menores de idade, serán os pais e as nais os que teñan a garda e custodia, ou os seus representantes legais, quen realicen a inscrición, presentando o libro de familia, pasaporte ou sentenza xudicial.

Lugar de tramitación en Santiago de Compostela: Padrón Municipal de Habitantes. Baixos de Raxoi (entrada pola rúa Raxoi). Tfno.: 981 542 318

• **SEGURIDADE SOCIAL**

É imprescindible solicitar o número de Seguridade Social para poder solicitar a asistencia sanitaria. Así mesmo, é un número necesario para a posterior afiliación e alta nalgún réxime da Seguridade Social, para a solicitude de prestacións e para o INEM.

A Seguridade Social tamén é o organismo encargado das prestacións e das pensións: xubilación, incapacidades, maternidade e paternidade, morte e supervivencia (viuvez, orfandade...), prestacións por nacemento de fillo, prestacións por fillo a cargo...

- Oficina da Seguridade Social en Santiago
Rúa Carlos Briones Varela, s/n
(esquina Rúa Galeras)
- Tfns. 981.553.150 // 981.566.600.

- **TARXETA SANITARIA**

Documento que identifica e acredita á persoa no Sistema Público de Saúde Galicia.

É individual: todas as persoas (adultos e nenos) teñen a súa propia tarxeta.

Débese levar ao acudir a calquera centro sanitario do SERGAS e á farmacia, xunto coa receita, para mercar medicamentos.

SOLICITUDE

- Requisito indispensable: estar empadroadado en Galicia.
- Lugares de solicitude: nos centros de saúde e na páxina web: **www.sergas.es** Documentación precisa:
 - Persoas titulares da Seguridade Social (traballadoras/es e pensionistas).
 - Documento identificativo (DNI, NIE, pasaporte).
 - Certificado de empadramento.
 - Cartilla da Seguridade Social:
 - Beneficiarios menores de idade
 - Libro de familia
 - Beneficiarios maiores de ida
 - Documento identificativo (DNI, NIE, pasaporte).
 - Certificado de empadramento.

- Persoas sen recursos económicos suficientes
 - Documento identificativo (DNI, NIE, pasaporte).
 - Certificado de empadramento.
 - Declaración do Imposto sobre a Renda (ou certificación negativa da Axencia Tributaria conforme non ten obriga de facela).
 - Certificado de convivencia.

• **TRÁMITES BANCARIOS**

Calquera persoa pode enviar remesas por medio de xiros postais ou de entidades habilitadas para tal efecto, pero tamén se pode facer a través de transferencias e outros procedementos bancarios, para o que se precisa unha conta bancaria. Recoméndase abrir unha conta, tanto para o anterior (remesas) como para domiciliar pagos (alugueiro, auga, luz, gas...).


Existen en Santiago moitas oficinas bancarias, nas que facilitan toda a información precisa para estes trámites. As principais son:

- Banco Pastor
 - R/ Fonte da Santo Antonio, 21.
- Banco Gallego
 - R/ Hórreo, 38.
- Banco Etcheverría
 - R/ Hórreo, 19.
- Banesto
 - R/ Hórreo, 1.

- Banco Popular
 - R/ Senra, 15.
- Banco de Galicia
 - R/ Senra, 17.
- Bankinter
 - R/ Xeneral Pardiñas, 15.
- Banco Caixa Geral
 - R/ das Casas Reais, 4.
- Banco Santander
 - Pr. de Galicia, 1.
- Barclays
 - R/ Xeneral Pardiñas, 9-11.
- BBVA
 - R/ Senra, 3-5.
- Caixa Rural Galega
 - R/ Santiago de Guayaquil, 1.
- CAM – Caja Mediterráneo
 - R/ Hórreo, 33.
- Caixa Catalunya
 - R/ Senra, 16.
- Caixa Galicia
 - R/ Montero Ríos, 7.
- Kutxa
 - R/ Senra, 27.
- Caja España
 - R/ Santiago de Chile, 13.
- Caja Madrid
 - R/ Hórreo, 9-11.

- Caixanova
 - R/ Hórreo, 11.
- Caja Duero
 - R/ Senra, 11.
- Bancaja
 - R/ Doutor Teixeira, 39.
- Ibercaja
 - R/ Hórreo, 13-15.
- La Caixa
 - R/ Frei Rosendo Salvado, 8.

➤ Ademais, as persoas **emigrantes retornadas** en idade laboral deben inscribirse nas Oficinas do INEM como demandantes de emprego (ver apartado 6. EMPREGO, para coñecer o enderezo das oficinas).



GUIA

GU

DOCUMENTACIÓN

CIÓN DE IDENTIFICACIÓN

IA

CURSOS
COMPOSTELA
PARA PERSOAS
ANTES
ADIDAS

GUÍA DE RECU
DE SANTIAGO DE C
PAR
INMIGRA
E RETORN

3. DOCUMENTACIÓN DE IDENTIFICACIÓN DE PERSOAS ESTRANXEIRAS

- **PASAPORTE**

Acreditará a identidade e a situación de estancia en España para aqueles supostos de persoas estranxeiras que non precisen obter un visado de estancia.

- **VISADO**

Acredita a situación para a que foi outorgado. Ten validez dende a entrada no territorio español até a obtención da correspondente tarxeta de identidade de persoa estranxeira ou até que se extinga dita validez.

- **NIE**

É o número de identificación de persoas estranxeiras, similar ao NIF da cidadanía española. É un número persoal, único e exclusivo.

Deberán solicitálo todas aquelas persoas estranxeiras que:

- Obteñan un documento que as habilite para permanecer no territorio do Estado.
- Se lles incoase un expediente administrativo en virtude do disposto na normativa sobre estranxeiría.
- Se relacionen con España, por motivos económicos, profesionais ou sociais.

Este número deberá figurar en tódolos documentos que se lle expidan ou tramiten á persoa estranxeira.

Documentación a presentar:
Impreso de solicitude normalizado (retírase na mesma oficina de solicitude).
Pasaporte completo, título de viaxe ou cédula de inscrición en vigor.
Documentación que xustifique os motivos de solicitude.
Documentación acreditativa de non atoparse en situación irregular en España.

Solicítase en calquera comisaría de policía nacional de estranxeiría ou nas delegacións ou subdelegacións do goberno.

Solicitude en Santiago de Compostela: Comisaría de Policía Nacional. Avda. Rodrigo de Padrón, 3. Tfno.: 981 551 100.

- **TIE**

É a Tarxeta de Identidade do Estranxeiro, similar ao DNI da cidadanía española.

Outórgase a aquelas persoas estranxeiras ás que se lles expediu un visado ou unha autorización para permanecer en España por un período superior a 6 meses.

Identifica á persoa estranxeira a efectos de acreditar a súa situación legal en España, é dicir, só terán TIE aquelas persoas estranxeiras en situación legal no estado español.

Terá igual período de validez que a autorización ou dereito que xustificou a súa expedición. Polo tanto, cando dita autorización ou dereito expiran, de igual xeito perde a súa validez a TIE.

A solicitude será presentada pola persoa estranxeira persoalmente na Oficina de Estranxeiros ou, no seu defecto, na Comisaría de Policía do seu domicilio.

Documentación a presentar:
Impreso de solicitude normalizado (retírase na mesma oficina de solicitude), orixinal e copia.
Pasaporte ou título de viaxe con selo de entrada (no seu defecto, pasaporte e declaración de entrada efectuada en Comisaría de Policía ou Oficina de Estranxeiros no prazo de 72 horas despois da entrada no territorio español) ou cédula de inscrición en vigor.
Tres fotografías recentes.
Visado (no seu caso).
Resolución de concesión da autorización que xustifica a expedición da tarxeta.
Xustificante do abono das taxas correspondentes.
0 Afiliación e/ou alta na Seguridade Social (no seu caso).

*Solicitude en Santiago de Compostela: Comisaría de Policía Nacional. Avda. Rodrigo de Padrón, 3.
Tfno.: 981 551 100.*


- **TARXETA DE TRABALLADOR/A TRANSFRONTEIRIZO/A E DE ESTUDANTE**

Esta tarxeta, similar á TIE e con idéntica tramitación, deberana obter aquelas persoas estranxeiras que se atopen en España en estancia de estudos ou investigación, por un período superior a 6 meses, e aquelas persoas que sexan traballadoras transfronteirizas.



GUIA

GU



IA

SAÚDE

GUÍA DE RECURSOS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PARA PERSOAS
INMIGRANTES
E RETORNADAS

4. SAÚDE

- CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Tfno.: 881 542 737.
- Edificio Administrativo San Lázaro, s/n.
15703 Santiago de Compostela
- Web: www.sergas.es

As persoas estranxeiras que se atopen inscritas no Padrón do seu municipio de residencia teñen dereito á asistencia sanitaria nas mesmas condicións que a cidadanía española (os menores de 18 anos en calquera caso e as mulleres embarazadas durante o embarazo, o parto e o posparto)

* **Atención Primaria**

(prestada nos Centros de Saúde)

- Medicina de familia.
- Pediatría.
- Matronas.

* **Atención especializada**

(prestada na Rede de Hospitais)

- Oficina de coordinación de transplantes.
- Centro de transfusión.
- Rede hospitalaria.

Servizos especializados prestados nos Centros de Saúde:

- Fisioterapia.
- Saúde Mental.
- Drogodependencias.
- Orientación Familiar.
- Saúde Bucodenta.l

Urxencias (*as persoas estranxeiras, tanto regulares como irregulares, que se atopen en España teñen dereito á asistencia sanitaria de urxencia*).

- Centros de Saúde (durante o horario de consulta do médico de familia).
- PAC (de 15.00 a 8.00 h).
- Urxencias hospitalarias.

Farmacias.

Saúde Pública:

- Laboratorios.
- Inspeccións.

PUNTOS DE ATENCIÓN

A) Centros de Saúde

- AMBULATORIO CONCEPCIÓN ARENAL
R/ Santiago León de Caracas, 12.
15701 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 527 000.
- CENTRO DE SAÚDE DE VITE
R/ Pintor Carlos Maside, s/n.
15705 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 563 743.
- CENTRO DE SAÚDE DE FONTIÑAS
R/ Londres, 2-4.
15703 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 577 670.
- CENTRO DE SAÚDE DE CONXO
R/ Ramón Baltar, s/n.
15706 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 956 140.

B) Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

- HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO
Travesa da Choupana, s/n.
15706 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 950 000.
- PAC (Punto de Atención Continuada.
Atende urxencias)
Travesa da Choupana, s/n.
15706 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 956 175.



GUIA

G U

IA

VIVENDA

GUÍA DE RECURSOS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PARA PERSOAS
INMIGRANTES
E RETORNADAS

5. VIVENDA

○ **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS**

- Tfno.: 981 54 19 82 / 902 10 00 54
- Área Central, s/n
15781 Santiago de Compostela.
- Web: **www.medioambiente.xunta.es**

A consellería ten varios plans e programas:

- Plan de Vivenda 2005–2008 (aplicarase ata a entrada en vigor do Plan de Vivenda 2009-2012)
 - Axudas á compra de vivenda (protexida e/ou libre).
 - Axudas á autopromoción de vivendas.
 - Axudas ao alugueiro (inquilinos/propietarios).
 - Axudas á rehabilitación.
- Rexistro Único de Persoas Demandantes de Vivenda Protexida
 - Deben inscribirse as persoas ou unidades familiares ou convivenciais que desexen optar a unha vivenda de protección económica ou de promoción pública, en réxime de compra ou de alugueiro, así como as que desexen optar a aloxamentos protexidos.
 - Información: Tfno.: 881 99 90 48.
 - Inscripcións:
 - Inscripción presencial
 - Con cita previa:
Tfno.: 902 107 039
 - Presentación da solicitude nos rexistros
 - Modelo de solicitude a disposición na web.

- Programa Vivenda en Alugueiro
 - Demandantes: calquera persoa, unidade familiar ou convivencial que non supere o límite máximo de ingresos
 - Persoas beneficiarias cualificadas: son casos especiais:
 - Vítimas de violencia de xénero.
 - Persoas en risco de exclusión social.
 - Entre outras: persoas emigrantes retornadas nos dous anos anteriores á presentación da solicitude de incorporación ao programa.
 - Persoas con discapacidade.
 - Familias numerosas.
 - Persoas maiores de 65 anos.
 - Familias monoparentais.
 - Se as persoas demandantes resultan adxudicatarias dunha vivenda, poderán percibir unha subvención ao alugueiro, que poderá alcanzar até un máximo do 50–60% do total da renda de alugueiro, que depende dos ingresos (no caso das persoas beneficiarias cualificadas, a subvención será sempre na porcentaxe fixada para cada colectivo, independentemente dos ingresos).
 - Información e presentación de solicitudes:
 - Área Central s/n. Andar 1º, local 32-A. Santiago de Compostela
 - Tfno.: 981 56 85 08.
 - Horario de atención: 9.00–13.00 h de luns a venres.
- Bono-vivenda
 - Liña que ten como finalidade conceder unha axuda aos estudantes de Formación Profesional para financiar os gastos do alugueiro dunha vivenda.
 - Persoas beneficiarias: estudantes de Ciclos Formativos (Medio e/ou Superior) en centros públicos situados a máis de 50 quilómetros do domicilio habitual.

- Contía: un máximo de 2.000 € por persoa beneficiaria e curso.
- Información e solicitudes:
 - **ww.medioambiente.xunta.es**
 - **www.igvs.es**
 - Tfno.: 981 541 982.
- Programa Pagus
 - Programa de impulso á rehabilitación.
- Galiza Suma
 - Programa de desenvolvemento de solo empresarial.

Renta Básica de emancipación


- Axuda ó aluguer

O Instituto Gallego de Vivienda e Solo é o encargado de tramitar as solicitudes. Os demandantes deberán dirixirse a calquera das oficinas que o Instituto Gallego de Vivienda e Solo onde recibirá a información sobre todos os requisitos que debe cumprir o demandante e a documentación necesaria.

Enderezo:

***Santiago de Compostela: Área central s/n
primer piso, local 32 A***

- A renta básica de emancipación está dirixida a mozos e mozas de entre 22 e 30 anos, titulares dun contrato de arrendamento da vivenda na que residen e que contén cunha fonte regular de ingresos inferiores aos 22.000 euros brutos anuais. Pode incluír un préstamo de ata 600 euros para a fianza e 120 euros para costear un aval.



GUIA

GU

IA

EMPREGO

GUÍA DE RECURSOS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PARA PERSOAS
INMIGRANTES
E RETORNADAS

6. EMPREGO

- **CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO, COMERCIO E TURISMO**

- Tfno.: 981 542 493.
- Edificio Multiusos de San Lázaro, porta 9.
- Web:www.maiscompostela.org

- **PROXECTO CREAR / BOLSA DE EMPREGO**

O Proxecto Crear é un plan integral destinado a fomentar o acceso ao mercado de traballo no concello de Santiago de Compostela. Así, abrangue todos os aspectos a ter en conta no proceso de inserción laboral. Estes aspectos son a avaliación das capacidades da persoa demandante, a formación, as prácticas en empresas e a orientación tutelada no proceso de busca de emprego.

A *Bolsa de Emprego* concíbese coma un espazo integrador das distintas políticas activas e das actuacións municipais dirixidas a facilitar a inserción laboral das persoas demandantes de emprego así como a intermediación laboral coas empresas. Atende todo tipo de peticións de información relacionadas co mundo laboral: consultas sobre contratación, ofertas de emprego, prestacións, formación, sectores profesionais emerxentes, etc. No caso das persoas que procuran emprego ou buscan mellorar as súas perspectivas laborais, proporciónaselle un listado das empresas do sector profesional no que están interesadas e oriéntaselle sobre como deben facer a súa autocandidatura (currículo). No Servizo de Atención ao Público tamén dispoñen dun listado de ofertas de emprego actualizado diariamente para entregarlle ás persoas interesadas que, se o solicitan, pasan a formar parte da *Bolsa de Emprego*.

Horario de atención ao público: 9.00–14.00 h.
(9.00–13.00 nos meses de xullo e agosto)
Tfno.: 981 568.752.
R/ do Hórreo, 100, baixo

○ **OUTROS SERVIZOS**

- Proxecto Persoa.
- Proxecto Inserta.
- Cursos FIP/Formación Ocupacional. Experimental/Obradoiros de Emprego.
- Bolsas de formación e prácticas.
- Plan de formación continua.
- Axudas a persoas emprendedoras.

● **INEM (Instituto Nacional de Emprego. Servizo Público de Emprego Estatal) e SERVIZO GALEGO DE COLOCACIÓN:**

- É o servizo público encargado das prestacións e subsidios por desemprego. Nas súas oficinas as persoas desempregadas reciben asesoramento individualizado para a busca de emprego, así como información sobre accións de formación e inserción laboral, xestionadas polos Servizos de Emprego das Comunidades Autónomas (Servizo Galego de Colocación)
- Todas as persoas traballadoras estranxeiras con autorización para traballar vixente teñen dereito ao recoñecemento das prestacións e subsidios por desemprego, sempre que cumpran os requisitos esixidos pola normativa xeral.
 - **Oficinas** en Santiago de Compostela:
 - *Santiago de Compostela.*
Centro: R/ Ramón Piñeiro 7-9, baixo.
 - *Santiago de Compostela Norte:*
R/ do Coto 19.


- Outras entidades con atención a desempregados:
- **CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**
 - Ademais de ofertar os seus servizos ás empresas da cidade, oferta un servizo para demandantes de emprego, que conta con información en materia de emprego, orientación profesional e unha bolsa de emprego.
 - Información: R/ San Pedro de Mezonzo 44, baixo
Tfno.: 981 596 800.
 - Enderezo electrónico:
informacion@camaracompostela.com
- **SINDICATOS**
 - **CC.OO. GALICIA (COMISIÓNS OBREIRAS)**
 - R/ Miguel Ferro Caaveiro 8.
Tfno.: 981 551 860.
Correo electrónico:**sn@galicia.ccoo.es**
Web: **<http://www.galicia.ccoo.es/>**
 - Entre os seus servizos conta cun Centro de Información para Traballadores Estranxeiros (CITE), que funciona como centro de atención, de información, de asesoramento e de axuda a persoas inmigrantes.
 - **UXT GALICIA (UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES)**
 - R/ Miguel Ferro Caaveiro 12, 3º.
Tfno.: 981 577 171.
Correo electrónico:**ugt@galicia.ugt.org**
Web: **<http://www.ugtgalicia.org/>**
 - O obxectivo principal do Centro Guía, servizo de atención a persoas inmigrantes e retornadas, é o de ofrecer información especializada sobre os aspectos legais, económicos, sociolaborais etc, que teñen que ver coa situación destes colectivos.

○ **CUT GALICIA (CENTRAL UNITARIA DE TRABALLADORES)**

- R/ Pérez Constanti 15, baixo.
Tfno.: 981 584 427.
Correo electrónico:
cutsantiago@mundo-r.com
Web:**http://www.cutgalicia.org**

○ **CIG (CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA)**

- R/ Miguel Ferro Caaveiro 10.
Tfno.: 981 564 300//981 571 082.
Correo electrónico:
cigmico@jazzfree.com
Web:**http://www.galizacig.com**
- O obxectivo do Departamento de Migración da CIG é poder informar as persoas emigrantes sobre os seus dereitos e asesoralos no caso de decidiren retornar a Galicia. Así mesmo, o Departamento de Migración presta apoio e asesoramento ás persoas inmigrantes que chegan a Galicia.
- Servizos
 - Información.
 - Nacionalidade.
 - Reagrupamento familiar.



GUIA

casua

GU

IA

EDUCACIÓN

GUÍA DE RECURSOS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PARA PERSOAS
INMIGRANTES
E RETORNADAS

7. EDUCACIÓN

A escolarización en España é obrigatoria entre os 6 e os 16 anos. Dita escolarización pódese realizar en centros públicos (gratuítos), concertados (tamén gratuítos, pero nos que se adoita aboar unha cota mensual en concepto de material escolar ou outros) ou privados (de pago).

Solicitud de admisión en centros educativos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato, públicos ou concertados (ver listaxe de centros en anexos):

1. Realizaranse no modelo oficial de solicitude (facilítase de xeito gratuito nos centros docentes e na páxina web da Consellería de Educación: www.edu.xunta.es).
2. Xunto á solicitude, presentárase a documentación acreditativa do requisito de idade e de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa.
3. Presentárase unha única solicitude, na que aparecerán por orde de preferencia, até seis centros educativos.
4. A solicitude presentárase no centro escollido como primeira opción.
5. Na mesma solicitude maniféstase o desexo ou non de utilizar o servizo de comedor escolar
6. O prazo de presentación de solicitudes é do 1 ao 31 de marzo de cada ano.
 - As solicitudes presentadas fóra do prazo establecido, presentárase directamente no centro elixido, quen, no caso de non ter prazas dispoñíbeis, remitiráas á Comisión de Escolarización, que resolverá no prazo máis breve posíbel en que centro se producirá a escolarización do menor.

Crterios de prioridade de admisión (rexerán a admisión nos centros educativos sostidos con fondos públicos cando non existan prazas suficientes para atender a demanda):

- Existencia de irmáns ou irmás matriculadas no centro, de pais, de nais ou de titores/as legais que traballen nel
- Proximidade do domicilio familiar ou do lugar de traballo de pais, de nais ou de titores/as legais.
- Rendas anuais da unidade familiar.
- Discapacidade do alumno/a ou do pai, da nai ou do titor/a legal ou algún irmán ou irmá.
- Condición de familia numerosa.
- Expediente académico do alumno/a (para o bacharelato).

- **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Tfno.: 981 544.400.
- Web: **www.edu.xunta.es**
- Edificio Administrativo San Caetano s/n. 15705 Santiago de Compostela.

- **CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN**

- Tfno.: 981 542 326.
- Pazo de Raxoi. Pr. do Obradoiro.

En colaboración coas demais administracións competentes en materia educativa atende ás obrigas que ten respecto aos centros escolares nos niveis de educación infantil e primaria. Así mesmo participa no desenvolvemento de programas e recursos para a mellora da calidade do ensino: de tipo deportivo (Á auga patos), de tipo lúdico (Ferradura Aberta, campamentos de tempo libre, inscricións no mes de maio aproximadamente), concursos (pintura, poesía).

En concreto:

- Xestiona axudas e subvencións municipais en relación co ensino.
 - Informa sobre calquera das actividades impulsadas ou nas que colabora o departamento. Tamén sobre cuestións xerais relativas á educación até o nivel de ensinanza secundaria: mapa escolar, criterios para a selección dos alumnos/as en centros, formación profesional, programas de garantía social e transición ao traballo, ensino de réxime especial (escolas de arte, de música, de idiomas), educación especial, formación de persoas adultas, participación en programas e actividades organizadas ou nas que colabora o Concello, requisitos para beneficiarse das subvencións convocadas polo Concello en materia educativa etc.
 - Promove, organiza e coordina actividades educativas dirixidas aos centros de ensino, asociacións, colectivos e cidadanía en xeral. Actividades dirixidas ao coñecemento da cidade, a educación para a paz, a educación ambiental, a animación á lectura, actividades de ocio e tempo libre e exposicións.
 - Vela pola escolarización de todos os nenos e nenas de Santiago: promove campañas informativas sobre a preinscrición e a matriculación en centros escolares, contra o absentismo escolar, programas de axudas escolares etc.
- *Lugar de información e solicitude: Departamento de Educación e Mocidade. Bernardo Barreiro de Vázquez Varela nº 12 -14, 1º.*
HORARIO: 9.00-14.00 h.
Tfno.: 981 554 400//981 554 401.

- **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- Reitoría

- Colexio San Xerome.
Pr. do Obradoiro s/n.
15704 Santiago de Compostela.
- Tfno.: 981 563 100 (central da USC)

- COIE (Centro de Orientación Integral ao Estudante)

- Pavillón Estudantil, 2º andar.
Campus Sur.
15782 Santiago de Compostela.
- Tfno.: 981 563 100 ext. 14546//14544
- Enderezo electrónico: **coiedir@usc.es**

- Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado


- Pavillón Estudantil, 1º andar.
Campus Sur.
15782 Santiago de Compostela.
- Tfno.: 981 528 066.

- Xestións:

- Bolsas e axudas
- Asociacións Estudantís
- SUR (Servizo Universitario de Residencias)
 - Tfno.: 981 563 100 ext.
14574//14575
 - Enderezo electrónico:
dirsur@usc.es//ves059@si.usc.es

- Titulacións

- Ver anexos



GUIA

GU

BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE



GUÍA DE RECURSOS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PARA PERSOAS
INMIGRANTES
E RETORNADAS

8. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

o **CONCELLARÍA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE**

- Tfno.: 981 542 465.
- R/ Isaac Díaz Pardo, 2-4 (Zona Galeras).

▪ **SERVIZOS SOCIAIS**

Sistema de protección social máis preto da cidadanía e do seu ambiente familiar e social. Desenvólvense programas e facilítase o acceso das persoas aos recursos sociais existentes nas diversas áreas: familia, infancia e mocidade; persoas con discapacidade; persoas maiores; emigrantes e inmigrantes; prevención e inserción social e voluntariado.

I.- Prestación básica de información, orientación, asesoramento e tratamento social:

- A. Traballo Social de Zona: 14 Unidades de Traballo Social.
- B. Información telemática.

II.- Axuda a domicilio e apoio á unidade de convivencia:

- A. Servizo de Axuda no Fogar.
- B. Unidade Municipal de Atención ás Familias (**UAF**):
 - Programa de Prevención Universal:
 - o Programa de pais e nais para a Educación.
 - o Obradoiro de resolución de conflitos entre pais e fillo/as adolescentes
 - Programa de Prevención Selectiva:
 - o Programas para familias con menores en situación de risco

- Programa de Selección Indicada:

- Programa Socioeducativo: Atención ás familias e a diversidade sociocultural (Plan de Desenvolvemento Xitano)
- Intervención Terapéutica
- Programa "Ruptura de parella, non de familia"

C. Bolsas Comedor Escolar

III.- Aloxamento e convivencia.

A. Acollemento temporal en vivendas municipais.

B. Medidas de Apoio para a Prevención e Integración Social destinadas á cobertura de gastos da vivenda habitual (MAPIS).

IV.- Prevención e Inserción Social.

A. Apoio a actividades de prevención e inserción das organizacións sociais.

B. Medidas de Apoio para a Prevención e Integración Social destinadas á cobertura de necesidades básicas (MAPIS).

C. Medidas de Apoio para a Prevención e Integración Social destinadas a comedor escolar e actividades (MAPIS).

D. Plan de Inclusión Social de Galicia.

- Programa Acceder

V.- Animación e Fomento da Cooperación social.

A. Apoio aos Consellos Municipais de Servizos Sociais.

B. Apoio a actividades de fomento da cooperación social das organizacións sociais.

ATENCIÓN AO PÚBLICO:
(Con cita previa)
Tfno.: 981 542.465.
R/ Isaac Díaz Pardo, 2-4
(Zona Galeras)

- **MULLER**

- **Programa de información, asesoramento e orientación.**
- **Programa de formación e capacitación.**
- **Programa de promoción e participación social:**
 - Consello Municipal da Muller.
 - Subvencións anuais dirixidas ás asociacións e aos colectivos de mulleres de Compostela.
 - Premio de investigación "Xohana Torres".
 - Posta en marcha dun Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades.
 - Actos lúdico-culturais realizados en conmemoración dos días 8 de marzo e 25 de novembro.
 - Distribución de bibliografía ás bibliotecas das asociacións de mulleres e vogalías da muller das AA.VV.
 - Acordo de colaboración coa Asociación Andaina.
 - Bancos da cidade: para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar das persoas traballadoras, para acadar a corresponsabilidade entre mulleres e homes (en base ao Decreto 182/2008 de Promoción autonómica das medidas municipais de conciliación).

Programa de prevención e intervención social

- Premios 25 de novembro, Educando na convivencia en igualdade.
- Obradoiros de Xénero e Igualdade.

Ademais, conta cunha serie de servizos con carácter estábel:

- **Servizo de atención domiciliaria da infancia.**

Dedícase ao coidado da prole das mulleres que tentan ampliar a súa formación de cara a unha mellor inserción laboral; mulleres que seguen algún itinerario de inserción laboral e mulleres que teñen un horario incompatíbel con horario escolar ou de escola infantil. O servizo realízase na casa da beneficiaria, nun horario comprendido entre as 8.00 e as 22.00 h. e cun máximo de cinco horas ao día.

- **CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM).**

CONCEPTO:

Departamento de carácter permanente destinado a proporcionar asesoramento, atención, orientación e información ás mulleres de forma individual ou colectiva.

FUNCIÓNS:

- Información e asesoramento xurídico.
- Atención psicolóxica.
- Información, asesoramento e orientación sobre prestacións e recursos sociais.
- Información sobre os recursos dispoñíbeis en Santiago.
- Información sobre cursos, estudos e xornadas en materia de igualdade de oportunidades.
- Realización de conferencias, encontros, xornadas, cursos sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade.
- Atención específica ás mulleres vítimas da violencia de xénero, poñendo á súa disposición, facilitando ou informando sobre o acceso aos recursos existentes na Comunidade Autónoma a través da xestión urxente cos servizos da policía, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que fosen oportunos.
- Fomento do asociacionismo e da participación das mulleres na sociedade civil.

- **SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DOMÉSTICA.**
Froito da colaboración coa Cruz Vermella.

- **PISO DE ACOLLIDA: "O NOSO LAR".**

Ofrece resposta ás mulleres que viven ou viviron en contextos de prostitución e que pasan por unhas especiais dificultades, ou por unha situación de risco, que impide a súa autonomía, e que require dunha intervención específica e dun aloxamento seguro. Este proxecto é froito dun "convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a asociación Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela", enmarcado dentro do "programa Vagalume".

HORARIO:

Información: 9.00–11.30 h; Solicitude de cita:

12.00–14.00 h.

Tfno.: 981 542 465.

R/ Isaac Díaz Pardo, 2-4 (Zona Galeras).

- **UMAD** (*Unidade Municipal de Atención ás Drogodependencias*)

Web: www.santiagodecompostela.org/umad

Servizo de tratamento ambulatorio que desenvolve actividades terapéuticas en materia de drogodependencias. Consta de dous recursos: a Unidade Asistencial e a Unidade de Día.

Conta con tres áreas de actuación, dende as que desenvolven os programas que realizan:

- **Área de Prevención**

- Programas no ámbito escolar:

1. Aprendizaxe de Habilidades Sociais.
2. Educación para a saúde.
3. Cinensino.
4. Diálogo a tres voces.

5. Clases sen fumes (prevención do consumo de tabaco).
 6. Pasa algo non pasa nada (información sobre drogas e outras substancias).
 7. Cursos de formación do profesorado.
- Programas no ámbito familiar:
 1. Escola de Pais e Nais para a Educación.
 2. Resolución de conflitos entre nais e pais con fillas/os adolescentes.
 3. Enfrentando os problemas (resolución de condutas problemáticas na mocidade).
 - Programas no ámbito da mocidade:
 1. Sensibilización cara a mocidade sobre o consumo de alcol.
 2. Programa Alternativa (para mozos/as con denuncias por consumo e/ou posesión de droga en lugares públicos).
 3. Mediadoras/es universitarias/os (formación de mozos/as como mediadoras/es para que actúen nos propios edificios universitarios).
 4. Programa Creative (prevención nos espazos de lecer nocturno).
 - Outros programas:
 1. En Busca do Tesouro nas Familias (prevención nas familias con nenas/os de 6-12 anos con condutas problemáticas).
 2. Programa Odisea (prevención de drogas nos centros de garantía social).
 3. Cambio de sentido (prevención no eido xuvenil para usuarios de autoescolas).
 4. Penélope (prevención no eido da muller).
 5. Ao alcance (prevención no eido laboral).
 6. Karen (iniciativa de investigación para a análise da vida recreativa en Santiago de Compostela).

- Área asistencial

- Unidade Asistencial:

1. Programa de información, orientación e acollida (POA).
2. Programa libre de drogas (PTLD).
3. Programa de tratamento con antagonistas opiáceos (PTANO).
4. Programa de tratamento con derivados opiáceos (PTDO).
5. Programa de tratamento con interditores do alcol (PTIA).
6. Subprograma de tratamento de desintoxicación (STD).
7. Subprograma de diminución do dano (SDD).
8. Programa de intercambio de xiringas.
9. Programa de distribución de preservativos.
10. Programa de uriñoanálise.
11. Obradoiro ocupacional: traballos manuais e labor educacional.
12. Obradoiro de consumo de menos risco.
13. Programa de inserción social.
14. Programa de atención xurídico-social ao drogodependente.
15. Programa de educación para a saúde.
16. Grupo de nais e pais.
17. Obradoiro de busca de emprego.
18. Subprograma de deshabitación tabáquica.

- Unidade de Día:

1. Subprograma de prevención de recaídas.
2. Subprograma de educación para a saúde.
3. Subprograma de busca activa de emprego.
4. Obradoiros: traballos manuais, revista Carpe Diem, recursos económicos, formación e tempo de lecer, cine e expresión corporal.
5. Grupo de nais e pais: reunións de traballo e reunións formativas.
6. Actividades fóra do centro: deportivas e de lecer.

- Área de integración social

- Obradoiros:
 1. Lingua estranxeira: inglés.
 2. Cultura e idioma galego.
 3. Comunicación: alfabetización, comunicación persoal e profesional; castelán para persoas estranxeiras.
 4. Cultura xeral: prensa, biblioteca (organización e uso) e visitas culturais
 5. Novas tecnoloxías (informática).
 6. Teatro e cinema.
 7. Deportes e natación.
 8. Boletín semanal de ofertas de emprego.
 9. Condución e seguridade viaria.
 10. Lecer e tempo libre.
- Titorías de seguimento e orientación para a consecución do graduado na ESO.
- Outras:
 1. Hixiene persoal e cambio de imaxe.
 2. Cursos *online* do Programa Mentor.
 3. Incorporación en obradoiros normalizados.

HORARIO: de luns a venres: 8.00–15.00 h;
16.00–19.00 h.

Laboratorio: 8.00–15.00 h; 16.00–18.45 h

Sábados: 10.00–11.45 h.

Tfno.: 981 528 787.

R/ Poeta Manuel María 8.

▪ **UAMI** (*Unidade Atención ás Migracións*)

É un servizo para persoas emigrantes retornadas e inmigrantes.

Presta os seguintes servizos:

- Información e asesoramento xurídico na tramitación de permisos de residencia e traballo, visados, adquisición de nacionalidade, agrupamento familiar etc.
- Información acerca de programas formativos e de orientación laboral, así como de cantas axudas faciliten a súa inserción no mercado laboral.
- Orientación, asesoramento e tramitación de recursos sociais.

Trámites que se realizan:

- Informes sociais (relativos a arraigo e axudas para persoas retornadas).
- Informes de vivenda (relativos a arraigo e reagrupamentos).
- Información e axuda na tramitación do seguinte:
 1. Autorizacións de residencia temporal e permanente (arraigo, filla/o de residente legal, inicial e renovacións)
 2. Reagrupamento familiar.
 3. Autorizacións de traballo (conta allea, conta propia, inicial, renovacións).
 4. Retorno (axudas, documentación...).
 5. Recursos legais.

(Ver anexos para máis información sobre autorizacións)

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:

9.00–14.00 h (9.00–13.00 h nos meses de xullo e agosto).

Tfno.: 981 542 495.

Pr. Camilo Díaz Baliño 15, baixo.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Web: Web: **www.xunta.es**
- Edificio Administrativo San Caetano s/n.
15705 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 545 400.
- Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.
R/ Amor Ruibal, 30-32, baixo.
15702 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 568 705.
Fax: 981 568 713.

Trátase do departamento da Xunta de Galicia dedicado aos servizos sociais. Desenvolve programas e proxectos nos seguintes eidos:

- Infancia (teléfono do neno, programa de detección do maltrato infantil, adopcións, programa de integración familiar, garda e tutela de menores, centros de menores).
- Familia (programa de mediación familiar, programa de familias numerosas e escolas infantís).
- Discapacidade (plan galego de acción para persoas con discapacidade, axencia galega de autonomía persoal, recoñecemento do grao de minusvalía, centros de atención).
- Muller (axudas e subvencións, atención a mulleres maltratadas, teléfono da muller).
- Mocidade (plans de coñecemento do país, plans de normalización lingüística, centros de información ás mozas e aos mozos, orientación laboral, apoio á independización).
- Inclusión (plan de inclusión social).
- Dependencia (Servizo Galego de Atención á Dependencia, Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia).

Entre os seus recursos atopamos:

1. Centros de menores.
2. Centros de maiores.
3. Centros de atención a persoas con discapacidade.
4. Residencias de tempo libre.
5. Centros de día.
6. Centros sociais.
7. Centros de atención á muller.
8. Centros de infancia.
9. Casas da xuventude.
10. Centros de información e orientación afectivo-sexual.



GUIA

GU

OCIO E TEMPO LIBRE

IA

GUÍA DE RECURSOS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARA PERSOAS

**INMIGRANTES
E RETORNADAS**

9. OCIO E TEMPO LIBRE

▪ **CONCELLARÍA DE CULTURA E CENTROS SOCIOCULTURAIS**

- Tfno.: 981 543 046.
- Pazo de Raxoi. Pr. do Obradoiro.
- Web: **www.compostelacultura.org**
- **CULTURA**

Oficinas centrais: Auditorio de Galicia.

Avda. Burgo das Nacións s/n.

Tfno.: 981 574 152//981 552 290.

A Concellaría de Cultura impulsa un desenvolvemento democrático, participativo, activo e creativo dos programas culturais que promove, co fin de facilitar a transformación da sociedade mediante a xeración de identidade, entrelazando memoria e futuro. Aspírase a promover unha cultura na que as compostelás e os composteláns se poidan recoñecer e na que asemade poidan albiscar a diversidade de pobos, nacións e linguas do mundo de xeito aberto e cun carácter de universalidade.

SALAS E LOCAIS DE ESPECTÁCULOS

- TITULARIDADE MUNICIPAL
 - AUDITORIO DE GALICIA
 - Avda. Burgo das Nacións s/n.
 - Tfno.: 981 574 152//981 552 290.
 - Web: **<http://auditorio.compostelacultura.org>**
 - ZONA "C"
 - R/ San Domingos de Bonaval, 1.
 - Xestionada polo Auditorio de Galicia.
 - TEATRO PRINCIPAL
 - R/ Nova, 21.
 - Tfno.: 981 542 347//981 542 349.

- OUTRAS TITULARIDADES PÚBLICAS
 - SALÓN TEATRO (IGAEM. XUNTA DE GALICIA)
 - R/ Nova, 34.
 - Tfno.: 981 581 111//981 581 572//981 586 681.
 - Web:www.igaem.xunta.es
 - ARTeria Noroeste (SGAE)
 - R/ Salvadas, 2 A. Parque de Vista Alegre.
 - Tfno.: 981 569 082.
 - Web:www.sgae.es
 - SALA ROBERTO VIDAL BOLAÑO (USC)
 - Tfno.: 981 563 100 ext. 11018//11013
- OUTRAS SALAS E LOCAIS
 - SALA CAPITOL
 - R/ Concepción Arenal, 5.
 - Tfno.: 981 574.399.
 - Web:www.salacapitol.com
 - SALA NASA
 - R/ San Lourenzo, 51-53.
 - Tfno.: 981 573 998.
 - Web:www.salanasa.com
 - TEATRO GALÁN
 - R/ Gómez Ulla, 7.
 - Tfno.: 981 585.166.
 - CINEMAS ÁREA CENTRAL
 - Centro Comercial Área Central.
Pol. Fontiñas.
 - CINEMAS VALLE INCLÁN
 - R/ Fernando III O Santo, 12.

▪ **CENTROS SOCIOCULTURAIS**

Oficinas centrais: Centro Sociocultural José Saramago.
R/ Carlos Maside, 7.
Tfno.: 981 542 490.
Horario: luns-venes, 8.00–15.00 h.

Santiago de Compostela conta cun total de 40 centros socioculturais distribuídos entre os diversos barrios que conforman o municipio. Isto permite que se dea unha maior multiplicidade na oferta cultural do concello e que estas iniciativas cheguen a un maior número de persoas, sen que requira o desprazamento fóra do seu ámbito espacial cotián. Constitúen o complemento perfecto para a programación de gran formato que ten lugar noutras áreas e permite que a oferta formativa, cultural e de lecer do concello se achegue a cidadanía.

• **Tipos de actividades que se poden atopar:**

- Actividades culturais e de tempo de lecer
 - Cursos, obradoiros sobre prácticas artísticas (traballos manuais, flores secas, pintura, encadernación, fotografía, música e debuxo).
 - Exposicións e exhibicións de pequeno formato.
 - Representacións teatrais, mostras de música (coral, folk, electrónica).
 - Visitas culturais.
 - Charlas, conferencias, mesas redondas sobre temática de actualidade.
- Actividades de promoción social e saúde
 - Clubs variados (maiores, viaxeiros, natureza, fotografía, lectura, astronomía e arte).
 - Obradoiros de relaxación (ioga, *taichi*, aromaterapia e musicoterapia).
 - Charlas de educación para a saúde, a alimentación, a vida saudábel.
- Servizos que se prestan nos CSC
 - Espazos para xuntanzas de entidades (previa petición).

- Espazos para exposicións.
- Espazos para a lectura e o xogo infantil, e aulas de informática.

Ademais, a rede de Centros Socioculturais complementábase coa rede de Bibliotecas municipais.

HORARIO DOS CENTROS SOCIAIS:

Dinamización: martes-venres 10.00–14.00 e 16.00–22.00 h.

Sábados 10.00–14.00 e 17.00–21.00 h (agás festivos).

* Ver listaxe de Centros Socioculturais da cidade en anexos

• **CONCELLERÍA DE XUVENTUDE E FESTAS**

- Tfno.: 981 542.347.
- R/ Nova. Teatro Principal.
- **XUVENTUDE**

R/ Frei Rosendo Salvado, 14-16 (Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche).

Tlfn.: 981 543 001//Fax: 981 543 002.

A área de Xuventude canaliza a política municipal en materia de xuventude, e ten, como eixes a promoción do asociacionismo xuvenil e a dinamización sociocultural da xente nova (mozas e mozos de entre 13 e 20 anos) Desenvolve iniciativas propias dirixidas á xuventude, que constitúen un conxunto completo de actividades lúdicas de diferente duración e temática: actividades acuáticas e de aventura dun día, unha fin de semana ou un campamento xuvenil, ademais de obradoiros tecnolóxicos e club de rol, así como actividades que xorden dos propios colectivos cun labor de apoio e asesoría técnica ou coas correspondentes liñas de axuda.

Fomenta a creación de espazos de formación para que as asociacións xuvenís poidan empregar os recursos máis axeitados para atender o seu ámbito de referencia.



GUIA

GU

PROGRAMA DE RETORNO VOLUNTARIO



GUÍA DE RECURSOS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PARA PERSOAS
INMIGRANTES
E RETORNADAS

10. PROGRAMA DE RETORNO VOLUNTARIO

○ RETORNO VOLUNTARIO DA OIM

As persoas estranxeiras que desexen retornar ao seu país de orixe pero que carezan de recursos para facelo, pódense acoller aos programas de retorno voluntario.

É unha iniciativa da OIM (Organización Internacional para as Migracións), apoiada polos Ministerios de Interior e Traballo e Inmigración.

Todas as persoas estranxeiras, tanto en situación regular como irregular, así como as solicitantes de asilo, refuxiadas e/ou desprazadas, poden acollerse sempre que acrediten insuficiencia de recursos económicos para o retorno.

O proceso é totalmente gratuíto e as persoas reciben asistencia para a tramitación da documentación, billetes para regresar ao seu país e unha pequena cantidade de cartos para os posíbeis gastos imprevistos na viaxe e para a reintegración no país de orixe.

Requisitos:

- Carencia de recursos económicos.
 - Residencia no estado español superior a seis meses.
 - Impreso de solicitude.
 - Impreso de voluntariedade do retorno.
 - Informe social.
-
- Información:
 - UAMI (Tfno.: 981 542 495).
 - OIM (Tfno.: 91 594 36 70).

o **PLAN RETORNO VOLUNTARIO E INCENTIVADO DE TRABALLADORES ESTRANXEIROS ÓS SEUS PAÍSES DE ORIXE**

Esta medida pretende fomentar o retorno das persoas estranxeiras que así o desexen, así como favorecer o desenvolvemento dos países de orixe mediante o regreso de persoas cualificadas que disporán dun capital que lles permitirá reintegrarse no mercado laboral ou poñer en funcionamento unha actividade profesional no seu país. Pódense acoller a este programa as persoas traballadoras estranxeiras non comunitarias, nacionais dalgún dos vinte países cos que España ten convenios bilaterais de Seguridade Social, que sexan beneficiarias de prestación contributiva por desemprego ou teñan recoñecido o dereito a percibila.

O abono da prestación efectuarase en dous pagos, un primeiro do 40%, que se realizará en España unha vez recoñecido o dereito, e outro do 60% restante no país de orixe, que se efectuará entre os 30 e os 90 días posteriores á realización do primeiro pago. Será necesario que a persoa compareza persoalmente ante a representación consular ou diplomática española no seu país de orixe para recibir o segundo pago.

A persoa dispón de 30 días para retornar ao seu país, contados dende a data de realización do primeiro pago da prestación.

Así mesmo, a persoa traballadora estranxeira comprométese a non retornar a España no prazo de tres anos, contados tamén dende a data do primeiro pago.


Información:

- UAMI (Tfno.: 981 542 495).
- Oficinas do INEM.

i

GUIA

GU



OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

IA

GUÍA DE RECURSOS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PARA PERSOAS
INMIGRANTES
E RETORNADAS

11. OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

- SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN

- Tfno.: 981 545 878 (central telefónica).
- R/ Basquiños, 2.
- Web:<http://www.galiciaaberta.com>

A Secretaría Xeral de Emigración é a unidade responsábel, dentro da administración autonómica galega, de definir, deseñar e executar as políticas a levar a cabo cos movementos migratorios.

Oferta información, asesoramento e apoio ás persoas inmigrantes, emigrantes e emigrantes retornadas.

- **Programa de atención integral dirixido aos inmigrantes e retornados**

Este programa ten por finalidade facilitar as persoas inmigrantes e retornadas unha atención integral e instrumentalízase mediante convenios de colaboración asinados entre a Secretaría Xeral de Emigración e varias entidades sen ánimo de lucro. As actuacións que se levan a cabo dentro deste programa son:

- * Informar a estas persoas sobre a súa situación xurídica e os trámites administrativos a realizar dada a súa condición de persoa inmigrante ou emigrante retornada.
- * Ofrecer ás persoas inmigrantes e emigrantes retornadas que se atopen nunha situación de especial vulnerabilidade e con risco de exclusión social, unha acollida inicial durante un período limitado de tempo, co fin de promover a súa incorporación ás redes sociais e á vida comunitaria.
- * Facilitar todo tipo de información acerca de programas formativos e de orientación laboral e outras axudas ás que poidan ter acceso e que faciliten a súa inserción no mercado laboral.
- * Derivar aos servizos sociais tanto de atención primaria como especializados a aquelas persoas usuarias do programa que o requiran segundo a situación detectada.

* Ofrecer apoio laboral: informárase e porase en contacto a este colectivo coas distintas ofertas de traballo, incluídas na propia bolsa de traballo da entidade así como doutras bolsas de traballo, ás que poidan ter acceso.

No caso de Santiago, a entidade colaboradora é:
Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela
R/ Carreira do Conde, 14,.
Tfno.: 981 581 542 // 981 554 433.
Fax: 981 572 005
E-Mail: inmigrantes.cdsantiago@caritas.es

- FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN

R/ do Vilar, 15.
Tfno.: 981 554 463.
Fax: 981 554 612.
Mail: info@fundaciongaliciaemigracion.es
Web: www.fundaciongaliciaemigracion.es

Froito do compromiso entre a Xunta de Galicia e moitas das empresas e entidades galegas máis relevantes, dende o ano 2002 traballa pola mellora da calidade de vida das/os emigrantes galegas/os, emigrantes retornadas/os e inmigrantes que residen en Galicia. Dende a Fundación Galicia Emigración foméntase a participación da sociedade galega na acción social, cultural e económica. O seu ámbito de actuación céntrase en Galicia e en todos aqueles países onde están radicadas as Comunidades Galegas.

Os seus servizos son:

- Atención Social: a través de diferentes accións como axudas e dotación de recursos a centros de día e residencias, facilitan atención social ás/aos emigrantes máis vulnerábeis.
- Inserción Sociolaboral: favorecen a inserción sociolaboral das/os emigrantes e inmigrantes a través da Oficina de Información e Orientación Laboral e de programas de apoio á inserción no mercado de traballo.

- Oficina de Información e Asesoría para as Migracións: facilitan información e asesoramento legal de xeito presencial, telefónico ou a través da web da fundación.
 - Cultura Emprendedora: impulsan o proxecto "GAER" (Galicia en Rede) e colaboran coas Asociacións de Empresarios Galegos do Exterior para desenvolver actuacións relacionadas con iniciativas emprendedoras.
 - Sensibilización Social: fomentan os valores de convivencia, interculturalidade e tolerancia entre a sociedade.
 - Difusión Cultural: poñen en valor o patrimonio cultural galego no exterior.
 - Análise das Migracións: estudan a realidade das migracións.
- ASOCIACIÓNS QUE PRESTAN SERVIZOS ESPECÍFICOS A PERSOAS INMIGRANTES E RETORNADAS

○ PUEENTE CULTURAL RUMANO – GALLEGO

▪ Contacto

R/ Costa Santa Isabel 4, baixo.
15705 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 564 698//676 299 715.
Web:www.rumanogallego.org/presentacion.html
Mail:rumanogallego@yahoo.es

▪ Obxectivo

Promover a formación, o emprego e a integración sociocultural, sobre todo, de colectivos en situación de especial necesidade ou que sufran algún tipo de discriminación.

▪ Actividades

- Promoción do emprego e da inserción sociocultural.

- Realización de tarefas de formación e orientación laboral.
- Busca, detección e procura de novas oportunidades de emprego e formativas nos distintos sectores produtivos existentes e que poidan xurdir.
- Promoción do intercambio cultural romanés-galego, coa fin de dar a coñecer a súa cultura.
- Promoción da participación e o debate nas cuestións que constitúen o obxecto da asociación.

o **ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARMENIO "ARARAT"**

▪ Contacto

R/ Tabaniscas 50, Baixo.
15705 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 582 661//677 699 196.
Mail:araratcentrocultural@gmail.com

▪ Obxectivos

- Promover o desenvolvemento de vínculos culturais entre España e Armenia.
- Exercer de referente e representante da cultura armenia en España e servir de ponte canalizadora de iniciativas culturais e educativas entre os dous países
- Reunir, coa constitución da Asociación, ás persoas armenias residentes en España, consolidando a comunicación da diáspora armenia coa patria para conservar o idioma e as tradicións, así como manter o alto nivel educativo das persoas asociadas.

- **Actividades**

- Contribuír ao desenvolvemento das relacións culturais entre Armenia e España presentando música, danza, cancións, pintura e literatura, teatro e cinema, as tradicións e costumes, a educación, o deporte... de Armenia, así como ás/aos artistas e representantes de calquera actividade que teña un interese cultural mutuo.
- Fomentar a participación, e a asociación activa de organizacións e persoas de ámbolos dous países nas actividades de cooperación, consolidación da amizade e desenvolvemento multicultural e reforzo das relacións entre España e Armenia.
- Colaboración activa coa Catedral de Santiago de Compostela nos traballos preparativos para a irmandade da Catedral coa Igrexa Armenia "Surb Hacob" en Xerusalén, e organización da exposición da Historia e Cultura Armenia en Santiago, que se levará a cabo no ano 2010.

- **ASOCIACIÓN DE EMIGRANTES RETORNADOS MARUSÍA**

- **Contacto**

R/ Home Santo 10, Baixo
15703 Santiago de Compostela
TI: 619 61 22 40
Web: **www.marusia.com.es**

- Obxectivos
 - Ofrecemento da información ós/ás retornados/as que lles permita acadar os seus dereitos unha vez de novo no seu país.
 - Desmitificación da crenza de que Galicia máis emigración son parella inseparábel.
 - Aproveitamento do capital material e humano galego na emigración, para beneficio de Galicia e para que as novas xeracións non sigan emigrando.
 - Divulgación no ámbito da sociedade en xeral dos problemas das/os retornadas/os.
 - Contribución á formación dun mecanismo de autodefensa ante situacións de vulneración dos seus dereitos.
 - Desenvolvemento e defensa dos dereitos das/os asociadas/os.
 - Desenvolvemento de actividades de todo tipo encamiñadas a cubrir as necesidades das/dos asociadas/os e manter os contactos necesarios coas persoas emigradas no exterior.

- **Actividades**
 - Organizar actividades de carácter social, cultural, lúdico e recreativo.
 - Organizar e colaborar en foros de debate, congresos, xornadas, charlas que fomenten a información do colectivo emigrante.
 - Axudar na medida do posíbel nos problemas da emigración.
 - Publicitar e intervir nos medios de comunicación social como forma de chegar ao colectivo da emigración, informar á sociedade en xeral aclarar ou replicar as informacións, artigos ou comentarios que poidan prexudicar a esta asociación ou aos seus fins.

- **ASOCIACIÓN CULTURAL E DE AMIZADE GALEGO-MARROQUÍ "ACUAGAMA"**
 - **Contacto**

R/ Río Ulla 13, 5ºC.
15172 Santiago de Compostela.
Tfno.: 636 980 640.

 - **Obxectivo**

Facilitación da integración do colectivo inmigrante marroquí en Galicia.

 - **Actividades**
 - Información e orientación.
 - Realización de actividades lúdicas e de convivencia entre os pobos galego e marroquí.
 - Promoción e información da cultura marroquí entre a poboación galega.

o **ASOCIACIÓN CASA LATINOAMERICANA EN GALICIA**

▪ Contacto

R/ San Lourenzo 46, baixo.
15705 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 591 437.
Web: www.clam.galiciaaberta.com/
Mail: clamgaliza@hotmail.com

▪ Obxectivo

- Contribución á investigación, formando unha comunidade de investigación, e á difusión da cultura latinoamericana, nunha perspectiva interdisciplinar.
- Interacción coa comunidade latinoamericana, coa comunidade galega e coas demais culturas presentes en Galicia.
- Sensibilidades coa identidade cultural, a perspectiva de xénero e os outros colectivos que sofren discriminación social, racial ou económica.
- Creación e apoio a propostas e campañas que promovan a igualdade entre mulleres e homes.
- Potenciación e apoio a outras asociacións e estruturas que promovan as persoas, sobre todo ás pertencentes a colectivos de inmigrantes e retornados de América Latina e de mulleres.
- Promoción e apoio ás/aos estudantes latinoamericanas/os en Galicia.

- **Actividades**

- **Asesoramento e atención**

- Información sobre trámites legais e documentación.
- Orientación laboral, educativa e de acceso a unha vivenda digna.
- Actividades de formación.
- Apoio emocional para o proceso de integración.
- Acollida, orientación e información a estudantes non europeas/os.

- **Actividades culturais e de integración**

- Promoción e difusión de tradicións culturais.
- Fomento do intercambio cultural entre os pobos latinoamericano e galego.
- Divulgación da cultura latinoamericana a través de encontros interculturais, vídeo-foros, contacontos, música e gastronomía.
- Dinamización dos vínculos entre investigadoras/es de diferentes países a través da publicación do Boletín Diálogo Latinoamericano e da realización de conferencias.

- **ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL E INTERCULTURAL GONDWANA**

- **Contacto**

R/ Rosalía de Castro 98, 1º.
15706 Santiago de Compostela.
Tfno.: 881 978.013//666 964 176.
Web:

www.gondwana.galiciaaberta.com/
Mail:**asocgondwana@yahoo.com**

▪ Obxectivos

- Apoio á integración das persoas inmigrantes, contribuíndo á mellora da súa calidade de vida e do seu contorno.
- Persistencia no recoñecemento da igualdade das persoas e das súas oportunidades en todos os ámbitos.
- Promoción do emprego de calidade, vivenda, educación, saúde, protección e benestar da infancia, xuventude e vellez.
- Promoción e difusión da cultura local para unha mellor comprensión dos eu día a día.
- Colaboración permanente con asociacións e organismos que apoian plataformas de transformación social ou temáticas vinculadas.
- Revisión de connotacións negativas con respecto á inmigración e impulso de cambios de actitude participando en campañas de sensibilización
- Posta en valor dos aspectos positivos aportados pola inmigración nos eidos demográfico, económico e cultural.

▪ Actividades

- Sesións informativas sobre a cidade, o seu contorno e os seus servizos.
- Asesoramento xurídico.
- Información sobre o mercado laboral.
- Traballo social e familia, apoio extraescolar, atención psicolóxica a través de profesionais voluntarios.
- Xestión e información sobre pisos de alugueiro.
- Actividades conxuntas con distintas asociacións, participación activa e sostida en campañas de sensibilización en diversos centros de ensinanza.

- Cultura e sociedade, recreación de encontros interculturais periódicos, excursións e distintas actividades de integración.

o **GALICIA ACOLLE**

▪ Contacto

R/ San Roque 6 Bis, 1º.
15704 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 574 659.
Web:**www.galiciaacolle.galiciaaberta.com/**
Mail: **galiciaacolle@wanadoo.es**

▪ Obxectivos

- Promoción da interculturalidade e a participación nun proxecto común da sociedade.

▪ Actividades

- Servizo xurídico que presta información, asesoramento e defensa en cuestións xurídicas e administrativas ás persoas inmigrantes.
- Oferta de vías e espazos que superen as barreiras que impón a nosa sociedade, para que elas mesmas sexan as protagonistas do seu propio proxecto vital.
- Denuncia das situacións de xenofobia, racismo, inxustiza e desinformación.
- Actividades de educación para a sociedade de acollida, dentro dunha visión positiva da inmigración.
- Apoio psicolóxico nos casos pertinentes.
- Promoción educativa e cultural dos menores e adultos.
- Fomento da convivencia cultural.
- Formación de axentes e profesionais que teñan relación co eido da inmigración.

- Colaboración con outras asociacións e relación coas administracións.
- Programas:
 - Servizo de Información Laboral
 - Primeira Acollida
 - Apoio educativo (reforzo escolar, actividades de lecer)
 - Sensibilización e formación
 - Boletín informativo da asociación

○ **CÁRITAS INTERPARROQUIAL**

▪ Contacto

R/ Hospitalillo 2 Bis.
15704 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 552 140.
Web: **www.caritas.es**
Mail: **caritasantiago@hotmail.com**

▪ Obxectivos

- Axudar á promoción humana e ó desenvolvemento integral da dignidade de todas as persoas que se atopan en situación de precariedade
- Informar, denunciar e sensibilizar á opinión pública sobre as situacións de pobreza e vulnerabilidade, as súas causas, consecuencias e a posibilidade de participación no cambio.

▪ Actividades

- Tarefas educativas e de formación.
- Sensibilización da comunidade.
- Acción asistencial.
- Acollida, información e asesoramento.
- Animación comunitaria.
- Cooperación internacional.
- Actividades de ocio e tempo de lecer.
- Actividades de xestión e administración.
- Actividades de voluntariado.

o **CENTRO DE TRABAJO E DE CULTURA DE CÁRITAS**

▪ Contacto

R/ San Roque 6 Bis.
15704 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 576 142.
Mail: **caritasdesantiago@hotmail.com**
Persoas de contacto: Ángel Couto e Miguel Fernández.

▪ Actividades:

- Orientación laboral.
- Bolsa de Empleo.
- Formación Ocupacional.
- Formación en habilidades sociais e complementarias.
- Taller permanente de corte e confección.
- Asesoramento e xestión de documentación: trámites de estranxeiría e outros (acceso a escolas infantís, prestacións, vivendas de alugueiro e sociais...).
- Vivendas de acollida para inmigrantes sen recursos.
- Cursos de español (continuado: de setembro a xuño).
- Intermediación para facilitar o acceso a vivendas de alugueiro.
- Promoción do asociacionismo e do traballo en rede. Participación no Foro da Inmigración, cesión de instalacións e medios técnicos para asociacións que non dispoñen deles, axuda na constitución de asociacións.

o **CÁRITAS DIOCESANA**

R/ Carreira do Conde 14.
15702 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 581 542//981 554 433.
Mail:**diocesana.cdsantiago@caritas.es**
Horario: 10.00–14.00 / 16.00–19.00 h.

*Ver páx. 74 - 75

o **CRUZ VERMELLA**

▪ Contacto

Avenida de Lugo s/n.
15703 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 586 969.
Web: **www.cruzroja.es //**
www.cruzvermella.org.
Mail:**santiago@cruzroja.es**

▪ Obxectivo

O obxectivo da Cruz Vermella é aliviar o sufrimento das persoas en toda circunstancia.

▪ Actividades

- Plan de Intervención Social con Inmigrantes
 - o Integración social de persoas inmigrantes e retornadas.
 - o Asesoramento legal.
 - o Mellora da situación socio-sanitaria e laboral.
 - o Reagrupamento familiar (axuda económica para a compra dos billetes e seguimento do proceso de integración socio-familiar).
 - o Retorno (axuda económica para o retorno).

- Alfabetización de persoas adultas.
- Proxecto de Integración Sociocultural con Mulleres Inmigrantes (espazo de ocio: excursións, visitas, teatro, charlas...).
- Plan de Emprego para colectivos vulnerábeis
 - Servizo integral de emprego (Programa Interlabor@)
 - Orientación laboral.
 - Axencia de colocación (bolsa de traballo).
 - Mediación socio-laboral.
 - Intermediación laboral.
 - EBAE (espazo de busca activa de emprego).
 - Aula de informática BIP BIP.
- Plan de cooperación internacional
 - Clases de español e galego para persoas estranxeiras (de outubro a xuño).
 - Intervención e inclusión social.
- Centro de formación
 - Cursos de formación para o público en xeral.

○ VOLUNTARIADO SOCIAL ROGAS

- Contacto

R/ da Ensinanza, 3.
15702 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 576 855.
Web: **www.rogas.org**
Mail: **inforogas@rogas.org**

- Áreas de interese xeral de actuación
 - Acción voluntaria directa e humanizadora.
 - Traballo en rede na procura da construción da xustiza social.
 - Experiencia grupal, participativa e igualitaria.
 - Formación permanente, comprometida e transformadora.
- Fins básicos
 - Implicación na cultura da solidariedade de xeito que afecte e cambie a nosa vida persoal cara unha maior coherencia.
 - Compromiso en servizos concretos a favor das persoas en risco e apoio a cambios estruturais máis amplos.
- Actividades
 - Proxecto de integración de persoas inmigrantes
 - Asesoramento.
 - Acompañamento e apoio escolar.
 - Participación en redes de transformación social respecto do tema.
- **ASOCIACIÓN PLATAFORMA POLO EMPREGO**
 - Contacto

C/ Concheiros 33, 1º.
1707 Santiago de Compostela.
Tl: 981 580 506.
Mail: **plataformapoloemprego@yahoo.es**

▪ Obxectivo

A Plataforma polo Emprego naceu como unha plataforma aberta de asociacións e entidades, coa idea de debater e propor iniciativas en torno ao emprego dirixidas sobre todo ós colectivos sociais máis desfavorecidos.

Na actualidade, o seu obxectivo é o desenvolvemento dun proxecto integral de inserción e integración sociolaboral dirixido a persoas con dificultade de inserción na zona de Santiago e comarca.

▪ Actividades

- Orientación laboral.
- Bolsa de Emprego.
- Formación Ocupacional.
- Formación en habilidades sociais e complementarias.
- Información, asesoramento e acompañamento en proxectos de autoemprego
- Asesoramento e xestión de documentación para persoas inmigrantes: trámites propios de estranxeiría, acceso a escolas infantís, prestacións, asuntos laborais, vivendas de aluguer e sociais, acceso ó sistema educativo, etc.
- Promoción do asociacionismo e do traballo en rede (participación no Foro da Inmigración).

o **MANS UNIDAS**

▪ Contacto

R/ do Vilar, 18.
15702 Santiago de Compostela.
TI: 981 584 966.
Web: **www.manosunidas.org**
Mail: **santiago@manosunidas.org**

▪ Obxectivos

- Loita contra a fame, a deficiente nutrición, a miseria, a enfermidade, o subdesenvolvemento e a falta de instrución.
- Traballo para a erradicación das causas estruturais que as producen: a inxustiza, o desigual reparto dos bens e oportunidades entre as persoas e os pobos, a ignorancia, os prexuízos, a insolidariedade, a indiferenza e a crise dos valores humanos e cristiáns.

▪ Actividades

